

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes, de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.**

1.- O presente convenio ten naturaleza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Correspondelle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación do 25 de maio de 2018.

E en proba de conformidade asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

A representante da Deputación Provincial da Coruña

Dra. Goretti Sanmartín Rei

O representante da Federación de Bandas de Música Populares

D. Iván Estévez Sabucedo

O secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña

D. José Luis Almazán Supervia



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVICIO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

*Fechin*

Federación Galega de  
**Bandas de Música**  
Populares

Número 37 /2018

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega de Bandas de Música Populares para finiar o "IX Campus Musical 2017"

Na Coruña a 6 de xuño de 2018

**REUNIDOS**

Don Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia num. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área

Don Iván Estévez Sabucedo, en representación da Federación Galega de Bandas de Música Populares.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamiente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

**MANIFESTAN**

- 1.- A Federación Galega de Bandas de Música Populares é unha entidade privada sen ánimo de lucro constituída no ano 1985, na que se integran 91 asociacións e máis de 7.000 músicos.
- 2.- Esta entidade busca fomentar a cultura musical da sociedade, achegando a música das bandas a todo o público e poñendo en valor a promoción e a difusión da música popular galega.
- 3.- Neste contexto, a Federación Galega de Bandas de Música Populares organiza para este ano o Campus Musical no mes de xullo, no Auditorio de Cedeira.
- 4.- Logo de ver os resultados do Campus Musical que vense celebrando nos últimos anos coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña, as dúas entidades coinciden no seu común interese de realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

**CLÁUSULAS****I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega de Bandas de Música Populares (NIF: V15110893) para finiar o "IX Campus Musical 2017", cos seguintes obxectivos:

- \* Mellorar a formación das persoas vinculadas coas bandas de música a través de cursos de formación das diferentes especialidades instrumentais e de formación das directivas.
- \* Promocionar actividades de intercambio e desenvolvemento común de experiencias vinculadas coa música.
- \* Achegar a cultura da música de bandas á sociedade, dando a coñecer tanto aos valores más destacados, como ás novas figuras.

**II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.**

A Federación Galega de Bandas de Música Populares desenvolverá as actividades programadas consonte ao seguinte orzamento:

Aluguer de material instrumental	3.200,00.-
Contratación externa de servizos: profesorado, ponentes, organización	19.349,99.-
Material de imprenta e difusión	300,00.-
Material non inventariable	100,00.-
Gastos xerais da entidade	2.050,01.-

**Total**

**25.000,00 €**

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80,00 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Federación Galega de Bandas de Música Populares obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou suministros necesarios para a execución da actividade corresponderá á Federación Galega de Bandas de Música Populares.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Federación Galega de Bandas de Música Populares, nin con calquera outra na que concorra algúna das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalguna das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá solicitar almenos tres orzamentos a distintos proveedores; entre as ofertas recibidas, deberase elexir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicalemente.

#### V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Federación Galega de Bandas de Música Populares.

#### VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralmente abonada á Federación Galega de Bandas de Música Populares unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, suscrita polo representante legal da Federación Galega de Bandas de Música Populares, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detaillado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha diligencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2017.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas assumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2017**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de outubro de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Federación Galega de Bandas de Música Populares para que a presente no prazo improprio de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na legislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Federación Galega de Bandas de Música Populares da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56º.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Federación Galega de Bandas de Música Populares.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Federación Galega de Bandas de Música Populares terá

dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

#### IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Federación Galega de Bandas de Música Populares destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do receptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá contar almenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

#### X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación Galega de Bandas de Música Populares poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demás obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación Galega de Bandas de Música Populares queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumplimento dalguna das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conllevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciaráse de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalguna das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sénolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56º.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización da actividade conllevará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o retraso non excede de tres meses; se o retraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

#### XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Federación Galega de Bandas de Música Populares serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Federación Galega de Bandas de Música Populares será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacrona.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.